



**CPI de ATIOS
Valdoviño**

Memoria

Departamento de Tecnoloxía

Curso 2015/16

Xefe/a de departamento:	Materias
MARÍA REYES MONTERO VALE	TECNOLOXÍA/S
MARÍA REYES MONTERO VALE	INFORMÁTICA
Membros do departamento	Materias

MATERIA	Tecnoloxía/s e Informática
---------	----------------------------

A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razóns da programación non impartida.

- **Tecnoloxías 2º ESO:** A porcentaxe da programación impartida neste curso é do 85%, non é de todo satisfactoria, debido a que se programaron 3 proxectos técnicos(1 por trimestre) e foi demasiado ambicioso, xa que o terceiro proxecto quedou sen rematar. Isto non supón ningún inconveniente, xa que continuaremos con el no vindeiro curso, dende o comezo.
- **Tecnoloxías 3º ESO:** A porcentaxe da programación impartida neste curso é do 85 %. Bastante satisfactoria, xa que case todos os grupos de traballo conseguiron rematar o proxecto técnico. Considero moi difícil ou case imposible impartir toda a materia e realizar o proxecto técnico con tan só dúas horas semanais.
- **Tecnoloxía 4º ESO:** A porcentaxe de programación impartida é do 80 %, Ao quedar o último tema sen impartir . A implicación e o interese do alumnado foi moi baixo, e só un grupo conseguiu rematar o proxecto técnico.
- **Tecnoloxía 4º PDC:** A porcentaxe da programación impartida é do 95 %, sendo moi satisfactoria. O alumnado puxo moito interese sobre todo nas clases prácticas
- **Informática 4º ESO:** A porcentaxe de cumprimento da programación foi do 85%. Quedou sen impartir Audio e Video.

B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

En 2º da ESO non se impartiu o tema de Electricidade 1.

En 3º da ESO non se impartiu parte do tema de Mecánica 2.

En 4º da ESO quedou sen impartir o tema de Deseño asistido por ordenador e o tema de Pneumática e Hidráulica. Pola contra realizáronse moitas prácticas de electrónica e robótica e participouse en varios concursos.

En 4º de PDC a programación adaptouse aos contidos mínimos de 4º da ESO. Quedou sen impartir o tema de Pneumática e Hidráulica. A maior parte dos contidos foron eminentemente prácticos.

En Informática de 4º: Quedou sen impartir o tema de Edición de Audio e Video. Pola contra creáronse xogos con Scratch.

C) Motivos das modificacións feitas o longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.

En Tecnoloxía 2º da ESO quedou sen dar a teoría de circuitos eléctricos programada para a 3ª avaliación. Non é preocupante posto que en 3º da ESO o tema repítese con máis

profundidade, polo cal comezaremos o tema de electricidade dende o nivel máis baixo.

En Tecnoloxías 3º da ESO quedaron sen dar os temas de Potencia eléctrica, consumo e factura eléctrica. En Mecánica 2: Leva-excéntrica, Biela-manivela. Con dúas horas a semana de clase, é moi difícil impartir toda a programación prevista ademais de realizar o proxecto técnico. Debo telo en conta para a programación dos vindeiros cursos.

En Tecnoloxía de 4º da ESO quedou sen impartir o tema de Deseño por Ordenador Pneumática e Hidráulica, debido as numerosas sesións que se perderon a causa de actividades complementarias e extraescolares.

En Tecnoloxía 4º de PDC, cumpríronse case todos os obxectivos establecidos, e o grado de consecución foi moi bo, grazas ao interese e a boa disposición do alumnado. Realizaron varios proxectos técnicos que conseguiron rematar.

En Informática de 4º: O principal motivo do cambio na programación foi; a diversidade do alumnado, o desinterese e a pouca motivación cara as actividades que se propoñían. (4 alumnos con necesidades educativas especiais, nun grupo de 24)

Os equipos informáticos, que comezan a estar obsoletos e non dispoñen dun software uniforme e igual para todos. (Diferentes versións do sistema operativo, aplicacións de ofimática diferentes ou ben que non posúen memoria suficiente para poder instalar todos os programas necesarios) Ademais de fallar con regularidade.

D) Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos en relación cos cursos anteriores.

Observación: Estes son datos do mes de xuño, que é cando se entregan as memorias, aínda que falta por engadir os datos da convocatoria extraordinaria de setembro.

	TECNOLOXÍAS 2º ESO		TECNOLOXÍAS 3ºESO	
	Curso 14/15	Curso 15/16	Curso 14/15	Curso 15/16
Cualificación	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos
1	0	0	0	0
2	0	0	0	0
3	1	1	0	2
4	0	1	2	4
Suspensos	1	2	2	6
5	3	9	6	3
6	12	11	2	10
7	6	9	8	3
8	6	9	7	4
9	3	4	7	2
10	7	1	2	9
Aprobados	37	43	32	31

	TECNOLOXÍA 4º		INFORMÁTICA 4º	
	Curso 14/15	Curso 15/16	Curso 14/15	Curso 15/16
Cualificación	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos
1	0	0	0	0
2	0	0	0	0
3	0	0	0	1
4	3	4	0	2
Suspensos	3	4	0	2
5	6	6	3	6
6	5	4	1	2
7	1	3	3	1
8	2	3	10	3
9	5	0	4	7
10	4	1	4	1
Aprobados	23	17	25	20

	TECNOLOXÍA 3º PDC		TECNOLOXÍA 4º PDC	
	Curso 14/15	Curso 15/16	Curso 14/15	Curso 15/16
Cualificación	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos	Nº de Alumnos
1	0	-	-	0
2	0	-	-	0
3	0	-	-	0
4	0	-	-	0
Suspensos	0	-	-	0
5	0	-	-	0
6	3	-	-	0
7	2	-	-	0
8	0	-	-	4
9	1	-	-	3
10	0	-	-	0
Aprobados	6	-	-	7

E) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.

En 3º da ESO, establecer unha programación menos ambiciosa, posto que só hai dúas horas semanais de clase, e son insuficientes para abarcar todo o programado e ademais facer proxecto técnico.

Informática de 4º ESO: Recoméndase, iso si, facer un grupo de informática menos numeroso ou ben desdoblalo en dous. Ademais de ser un grupo numeroso, nel atopábanse 4 alumnos con NEE que dificultaba aínda máis o desenvolvemento da clase. Moi difícil atendelos a todos como o necesitarían.

F) Avaliación da práctica docente.

A miña intención foi a de cumprir a programación e que os alumnos cumpriran os obxectivos, en termos xerais todo o alumnado conseguiu acadar os obxectivos mínimos marcados.

Ao final de curso pasei unha enquisa sobre a miña práctica docente, onde os alumnos manifestan:

- Que asisto a clase sempre.
- Que cumpro axeitadamente cos meus horarios.
- Que estou accesible fora das horas de clase.
- Que dou a coñecer o programa da materia.
- Que case sempre imparto todo o programa da materia.
- Que domino a materia que imparto.
- Que explico con claridade sempre ou case sempre.
- Que as miñas clases están ben preparadas, sempre ou case sempre.
- Que respondo axeitadamente as preguntas dos alumnos, sempre ou case sempre.
- Que me preocupo de que as clases sexan boas, sempre ou case sempre.
- Que debo mellorar a participación dos alumnos nas clases e fomentar a crítica das miñas ideas.
- Que dialogo sempre ou case sempre sobre a marcha da clase.
- Debo mellorar na motivación do alumnado cara a materia.
- Os exames axéitanse ao explicado.
- As cualificacións axústanse aos seus coñecementos.
- Un 10% do alumnado non me considera boa profesora, algo que debo mellorar.
- Un 15% non se sente satisfeito asistindo as miñas clases. Algo que debo mellorar.

Son quizais bastante esixente en canto ao comportamento e ao traballo diario, polo que a miúdo lles chamo a atención e levanto a voz. Deberei mellorar nese aspecto.

G) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas.

O alumnado de 3º da ESO asistiu ó VIII Concurso Galego de Robótica na Fundación Barrié.

O alumnado de 3º da ESO e 4ºPDC asistiu a xornada divulgativa “Locos X la ciencia” na Cidade da Cultura, onde realizaban monólogos científicos de xeito divertido, para achegar a ciencia aos adolescentes.

O alumnado de 4º da ESO visitou a planta de PSA-Citroen en Vigo.

O alumnado de 1º da ESO, convidado pola consellería, participou nunhas xornadas divulgativas de “Navegación segura e perigos da internet” e uns talleres de robótica “Scratch” e “Lego”

Alumnos de 5º e 6º de primaria e 1º, 3º da 4 da ESO que estaban participando no Obradoiro de Robótica creado ao abeiro dos Contratos Programa, participaron en varios concursos Robótica:

- WRO (outubro 2015) Final nacional da Olimpiada de Robótica, representando a Galicia.
- First Lego League- acadando o premio ao Mellor Proxecto Científico
- VIII Concurso Galego de Robótica – Primeiro premio categoría de primaria-1º secundaria.

Cabe salientar que este obradoiro desenvolveuse grazas a vontade do profesorado e a que puidemos dispoñer a partir de decembro de 2015 o importe do contrato programa que xa fora concedido, co que mercamos diversos robots e kits de programación.

H) Principais conclusións.

O desenvolvemento da materia non foi de todo satisfactorio debido a que non se puido impartir toda a programación, no aspecto práctico tampouco foi satisfactorio xa que a maioría dos grupos-cursos **non conseguiron rematar os proxectos de taller propostos**.

Nótase que o alumnado cada vez posúe menos habilidades manuais, e tamén bastante desinterese por levar a cabo a execución dun proxecto propio e rematalo de xeito autónomo. Necesitan de guía constante.

Conseguimos que bastante alumnado se involucrase no obradoiro de robótica, fora do horario lectivo, acadando varios premios en concursos de robótica.

Valdoviño, 29 de Xuño de 2016

Mª Reyes Montero Vale
Xefa departamento de Tecnoloxía
CPI de Atios